



## Galeuskadianos

Xosé Estévez

**A** comenzos do século XX, na marxen esquerda da Ría de Bilbo, estabreceuse un abondoso fato de galegos orixinando a fundación do Centro Galego de Barakaldo, primeiro fogar galego creado nas ridentas e acolledoras terras euskarianas. Sucesivas vagas de anduriñas finisterrais pousarían as súas azas nas bisbarras industriais das ribeiras do Nervión.

Nos anos vinte, outra xeira andareira de fillos de Breogán, promanante dos pobos que bican a ría de Arousa, aledarían cos seus sons mariñeiros o bairro pasaitarra de Trintxerpe, dende entón nomeado a "*Quinta Provincia Galega*". Nel traballa arreo o Fato Cultural Galego "*Daniel Castelao*" nunha laboura calada, e ás vegadas incomprendida, de sementeira solidaria para conquistar unha comunidade vasco-galega integrada, donde a variedade arrequente a unidade.

Na segunda etapa industrializadora, aló polos anos sesenta, novas mareiras de galiciáns espalláronse pola xeografía de Euskalherria: Elgoibar, Eibar, Zarauz, Laudio, Gasteiz, Iruñea, Ondarroa, Hernani, Donosti, Bilbo e Arrasate.

Todos estes galegos, ca señardade na ollada e a maleta na man, viñan aliciados pola abundancia de postos de traballo e o gaño dun nivel de vida, máis feiticeiro cas mouras posibilidades que axexaban na súa Terra de orixen. A ista millora dirixiron os máis tódolos seus esforzos,

sen desasosegarse dirixiron os máis tódolos seus esforzos, sen desasosegarse por outras inque-danzas de xorne cultural e sen percurar encher valeiros de mesmo carís.

A maioría podían inserirse dentro dun cadro cos seguintes caracteres:

- Economía familiar precaria, que en moitos casos chegaba ós lindeiros da necesidade e da miseria. Dahí a teimuda e remoente percura do sustento e a cismeira ilusión polo empoleiramento do seu status.

- Baixo nivel cultural, co desleixo da escola en data temeperán coa finalidade de axudar nas tarefas da casa ou traballar fora para complementaren os ingresos familiares.

- Escasa concencia política galeguista, adubiada con dúas facianas contradictorias. Por unha banda unha nidia hexemonía da ideoloxía política de sino españoleiro, inxectada pola represión franquista, e por outra unha forte concencia sentimental galeguista, non asumida conscentemente, que se manifesta na benquerencia pola Terra-Nai (-cuxa perda provoca a saudade ou desenraizamento existencial-) e, sobre todo polo emprego masivo da língoa galega, a pesares de tódolos atrancos e desprezos.

- Procedencia campesiña ou mariñeira e mudada a un ambiente urbano, o que conleva un dobre desenreigamento.

Con estes adobíos que sinalamos, é lóxico

que se atopen os máis variados padróns de galegos emigrantes. Algúns soio alporizan a súa galeguidade, cando se encontran diante dunha mesa ategada de polvo, empanada, botellas de ribeiro e o remate algareiro dunha queimada.

**“Encarraxo para que os galegos residentes en Arrasate adeprendan o euskera e aguilloen ós fillos e familiares para que se mergullen na aprendizaxe da língoa deste País”**

Outros sinten un chisco de bagoenta nostalgia, si os ledos sons dunha gaita agasallan os seus ouvidos e o velaño encabelado dunha muiñeira enrufa a súa mirada. Moitos non resisten o subelazo dunha sutil emoción, cando lembran a paisaxe do seu currunchu natal e os felices xogos de nenez. Mais poucos se decatan e son plenamente consecentes de que Galiza é unha Patria con persoalidade propia, cosmovisión de seu e identidade perfectamente definida pola muruxa do tempo e da historia, luida por unha língoa privativa e aguilloada polos seus fillos máis lucidífos.

Iste cromatismo tipolóxico de galegos enxerga diferentes graos de adaptación e / ou integración no seo da cultura receptora, niste caso a euskaldún.

Uns somentes conquiren un meio de vida co maxín posto na volta á Terra perante as vacacións, ou definitivamente, runfando de coche ou de traxe. Alguns amosan fachendosos que o País Vasco os dotou doutro xeito de vivir e sintense máis reivindicativos, avergoñándose da resinación dos galegos diante das inxusticias que sofren pola banda dos caciques, pero non brincan un valado máis integrador; polo que podemos incluílos no fato dos inadaptados ou simplemente supites á adaptación. Un escaso número intégrese en corpo e alma, de xeito total, desvencellándose da cultura orixinaria, o que pode provocar unha disfuncionalidade sicosomática, con repercusións paraesquizofrénicas, pois as estruturas mentais e vitais artelladas durante a nenez e a puberdade é imposíbel esquece-las ou arreda-las.



**“Aquiles que son prenamente galeguistas teñen capacidade dabondo para chegar a ser suficientemente euskaldúns”.**

Outros, non moitos endemal, tentan unha adaptación integradora. Ista baséase en asumir enteiramente a cultura receptora, sen desvencellarse da orixinaria, pois ámbalasduas son cumpridamente compatíbeis. Aínda máis, sen unha compreta concencia de galeguidade é moi difícil a integración na euskaldunidade. A miña experiencia con moitedume de galegos ensiname que sóo aquiles que son prenamente galeguistas teñen capacidade dabondo para chegar a ser suficientemente euskaldúns.

E por suposto, o mergullamento integral na cultura euskara presupón no soio un amor e coñecemento básico dela, senón tamén o apreixamento e utilización do euskara ou polo menos o compromiso de adeprende-lo, axuda-lo, defende-lo por tódolos medios e que o deprendan os fillos. Fica craro que a língoa é fundamental na xeira do rexurdimento nacional de calqueira Pobo e a súa perda é o comenzo da disolución dunha nación no mar da historia. O mundo empobrececiase, xa que a riqueza áchase na variedade. Con razón decía o esgrevio poeta portugués Fernando Pessoa, traducido ó euskera nalgunhas escritas por Joseba Sarrionaindia: “*A miña língoa é a miña Pátria*”.

Encarraxo, dende a humildade destas páxinas, para que os galegos residentes en Arrasate adeprendan o euskera e aguilloen ós fillos e familiares para que se mergullen na aprendizaxe da língoa deste País, que nos proporcionou ós galegos pan, traballo, fogar, doores e ledicias. E sinxelamente un sinal de educación e agradecemento.